



# XOVES

## I+D+i

Estimado/a amigo/a:

O próximo 7 de novembro terá lugar en Baiona o **I Foro Anual RIS3 de Galicia - Rexión Norte de Portugal**, no que se presentará o proceso de elaboración da Estratexia de Especialización Intelixente RIS3 conxunta para a Eurorrexión.

As Estratexias RIS3 son a condición que esixe a UE a todas as rexións europeas para financiar o apoio á I+D e á innovación no marco dos fondos estruturais ata 2020. Estas Estratexias definen as **áreas de especialización preferente das rexións**, prestan unha especial atención ás empresas, en especial ás PEMES, e sitúan a cooperación estratéxica como base necesaria para a consecución de maiores retornos. Neste contexto, a Comisión Europea incentiva a **cooperación transfronteiriza** como base para conseguir instrumentos de apoio á innovación máis eficaces e de maior alcance.

Tras a aprobación das súas respectivas RIS3, e no ámbito da súa longa traxectoria de colaboración, Galicia e a Rexión Norte de Portugal acordaron arrincar co proceso participativo para a elaboración dunha Estratexia RIS3 conxunta, constituíndose a secretaría técnica por parte de **GAIN** e a **CCDRN**. Esta RIS3 da Eurorrexión ten como finalidade definir un marco de colaboración para dar unha resposta coordinada a desafíos comúns, mobilizar novas iniciativas e proxectos e facilitar a captación de fontes de financiamento específicas.

Pola súa situación céntrica dentro da Eurorrexión, o I Foro RIS3 Galicia-Rexión Norte celebrarase en Baiona. Aquelas persoas e/ou entidades interesadas poden atopar o **programa provisional** e o formulario de inscrición no seguinte [enlace](#). Tamén poden seguir toda a información que se irá publicando relacionada co evento a través da [web da RIS3 de Galicia](#).

En conxunción co I Foro RIS3 Galicia-Rexión Norte, a **Plataforma S3 da Comisión Europea** e GAIN organizaron un **peer review workshop** entre rexións europeas, que se celebrará o día 6 en Baiona. Este encontro estará centrado na cooperación transfronteiriza en investigación e innovación no marco da especialización intelixente das rexións. Nel presentaranse as experiencias europeas máis salientables de cooperación transfronteiriza e discutiránse, de forma conxunta entre as rexións participantes, diferentes iniciativas de cooperación, entre elas os casos de Galicia e a Rexión Norte. As rexións interesadas poderán inscribirse no seguinte **enlace**.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín pode vostede darse de baixa enviando un mail a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es) dende a conta na que desexe anular a suscripción.